

# MEMORIA DO PROXECTO DO FOMENTO DA LINGUA GALEGA

**2020 - 2021**

**CEIP ISAAC PERAL  
FERROL**



## **INTRODUCCIÓN**

Este equipo ten como obxectivo xeral a dinamización da lingua galega, nun contexto castelán falante por parte das alumnas e alumnos, así como por parte da maioría do profesorado.

Nos claustros e reunións, xa se emprega o galego como lingua vehicular por gran parte do profesorado.

Formamos este equipo as seguintes persoas:

Mónica Fontela Ferreiro	E. Infantil
Zaira Varela Germade	2º E. Primaria
Rosario Mª Martínez Seijido	3º E. Primaria
Emma Sela Pérez	E. Musical
Mª Virtudes Pérez Corral	5º E. Primaria (Coordinadora)

Ante a situación tan excepcional que estamos a vivir por mor da Covid-19, todas as actividades programadas para o desenvolvemento do noso proxecto víronse adaptadas, debido a imposibilidade de seren realizadas tal como estaban plantexadas nun principio.

## **ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

### **AS NOVAS TECNOLOXÍAS**

#### **A PÁXINA WEB**

- Avanzamos na actualización do profesorado no referido ás Tics na páxina web.
- Seguimos coa actualización da nosa páxina web.
- Proposta de seguir coa formación do profesorado para enriquecer a nosa páxina.



EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA  
Posted Marzo 18th, 2014 by MP José

(1) Dinam. L. Galega

**Equipos de Dinamización da Lingua Galega**

**PROXECTO LINGÜÍSTICO**



**PROXECTO LINGÜÍSTICO**

O Proxecto Lingüístico de Centro (PLC) é un documento pedagóxico-administrativo que concreta a planificación lingüística do centro. Nel se especifican, entre outros datos, a distribución lingüística curricular, as medidas de apoio e reforzo para mellorar a competencia lingüística do alumnado e as actuacións encamiñadas a dinamizar o uso da lingua galega.

O PLC é redactado por unha comisión nomeada polo equipo directivo e constituída, como mínimo, polos/as xefes/as dos departamentos de linguas e mais o/a coordinador/a do EDLG (Equipo de Dinamización da Lingua Galega). Este documento remítese á Inspección Educativa cada 4 anos e actualízase anualmente nunha addenda que recolle os cambios producidos a respecto do curso anterior.

Premendo na imaxe accédese ao noso proxecto lingüístico

**PROXECTOS DE FOMENTO DO USO DA LINGUA GALEGA**

Anualmente, seguindo o noso Proxecto Lingüístico, no noso centro elaboramos un proxecto de fomento do uso da lingua galega que recolle o desenvolvemento das actividades dinamizadoras de fomento da nosa lingua.



Publicación na web dos nosos proxectos de fomento da lingua

**LIGAZÓNS DE INTERESE**

O PORTAL DA LINGUA GALEGA

R.A.G.

DIGALEGO  
DICCIONARIO DE GALEGO

Letras Galegas  
17 de Maio

NORMAS ORTOGRÁFICAS

lex.gal  
dereito galego consolidado

LEXISLACIÓN

SEMINARIO GALÁN

COORDINADORA GALEGA

**DOCUMENTOS**

- [Instrución da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria aos centros educativos ao abeiro do disposto no Decreto 79/2010 sobre Educación Infantil. Cuestionario ás familias de E. Infantil](#)
- [Instrución para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre este.](#)
- [Enquisa ás familias do alumnado de E. Infantil resumida.](#)
- [Enquisa ás familias de E. Infantil completa](#)
- [Enquisa sociolingüística para o profesorado](#)
- [Enquisa sociolingüística para as familias](#)

Actualización da web do EDLG

10 álbums en 1 páxina(s)

### 20/21 - DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

#### 2020 - Agosto



7 ficheiros, último engadido a nov 28, 2020  
Álbum visto 79 veces

#### 2021 - Os Maíos



111 ficheiros, último engadido a mai 14, 2021  
Álbum visto 12 veces

#### 2021 - Letras Galegas



12 ficheiros, último engadido a mai 13, 2021  
Álbum visto 4 veces

3 álbums en 1 páxina(s)

### 2020 - SAMAÍN

#### 2020- Samaín 4 anos A



16 ficheiros, último engadido a nov 01, 2020  
Álbum visto 10 veces

#### 2020- Samaín 4 anos B



4 ficheiros, último engadido a nov 01, 2020  
Álbum visto 1 veces

#### 2020- Samaín 5 anos



5 ficheiros, último engadido a nov 01, 2020  
Álbum visto 7 veces

#### 2020- Samaín 2ºA



4 ficheiros, último engadido a nov 01, 2020  
Álbum visto 5 veces

#### 2020- Samaín 2ºB



3 ficheiros, último engadido a nov 01, 2020  
Álbum visto 2 veces

#### 2020- Samaín 2ºC



11 ficheiros, último engadido a nov 01, 2020  
Álbum visto 4 veces

#### 2020- Samaín 4ºB



4 ficheiros, último engadido a nov 01, 2020  
Álbum visto 2 veces

#### 2020- Samaín 5ºA



21 ficheiros, último engadido a nov 03, 2020  
Álbum visto 13 veces

#### 2020- Samaín 5ºB



12 ficheiros, último engadido a nov 01, 2020  
Álbum visto 7 veces

#### 2020 - Merendas terroríficas



18 ficheiros, último engadido a nov 03, 2020  
Álbum visto 87 veces

16 álbums en 1 páxina(s)

### 2021 - ENTROIDO

#### 2021- Murais Entroido



6 ficheiros, último engadido a feb 19, 2021  
Álbum visto 17 veces

#### 2021 - Entroido 3 anos B



5 ficheiros, último engadido a feb 19, 2021  
Álbum visto 8 veces

#### 2021 - Entroido 4 anos A



10 ficheiros, último engadido a feb 17, 2021  
Álbum visto 10 veces

#### 2021 - Entroido 1ºB



7 ficheiros, último engadido a feb 20, 2021  
Álbum visto 11 veces

#### 2021 - Entroido 2º



50 ficheiros, último engadido a feb 19, 2021  
Álbum visto 14 veces

#### 2021 - Entroido 3ºA



24 ficheiros, último engadido a feb 12, 2021  
Álbum visto 15 veces

#### 2021 - Entroido 4ºB



1 ficheiros, último engadido a feb 12, 2021  
Álbum visto 11 veces

#### 2021 - Entroido 5ºA



23 ficheiros, último engadido a feb 15, 2021  
Álbum visto 22 veces

#### 2021 - Entroido 5ºB



4 ficheiros, último engadido a feb 15, 2021  
Álbum visto 12 veces

15 álbums en 1 páxina(s)

### 2021 - ROSALÍA DE CASTRO

#### 2021 - Rosalía de Castro E.Infantil



4 ficheiros, último engadido a mar 08, 2021  
Álbum visto 8 veces

#### 2021 - Rosalía de Castro 1º E.P.



19 ficheiros, último engadido a mar 09, 2021  
Álbum visto 10 veces

#### 2021 - Rosalía de Castro 2º E.P.



20 ficheiros, último engadido a mar 08, 2021  
Álbum visto 4 veces

#### 2021 - Rosalía de Castro 5º E.P.



30 ficheiros, último engadido a mar 04, 2021  
Álbum visto 9 veces

6 álbums en 1 páxina(s)

Galería de imaxes da nosa web.

## OS NOSOS BLOGS

- Seguiuse na mesma liña de mantemento dos blogs.
- Seguiuse tamén coa formación do profesorado na creación e publicación de blogs.



Estas son as ligazóns aos nosos blogs que aparecen na nosa web

## INTRODUCCIÓN DO SOFTWARE EN LINGUA GALEGA

- Utilización do sistema operativo de uso libre en galego nas computadoras de 5º e 6º de primaria.
- Introducción do software en lingua galega en todos os computadores.

## A AULA VIRTUAL

- Utilizouse a Aula Virtual como medio de aprendizaxe e comunicación tanto co alumnado como coas familias.
- O profesorado desde infantil ata cuarto de primaria empregou esta plataforma.

### Aula virtual CEIP ISAAC PERAL



#### Novas do sitio

(Sin novidades aún)

#### Categorías

- ▼ **4º INFANTIL - 3 anos**
  - ▷ 3 anos A <sup>(3)</sup>
  - ▷ 3 anos B <sup>(3)</sup>
- ▼ **5º INFANTIL - 4 anos**
  - ▷ 4 anos A <sup>(3)</sup>
  - ▷ 4 anos B <sup>(4)</sup>
- ▼ **6º INFANTIL - 5 anos**
  - ▷ 5 anos A <sup>(3)</sup>
  - ▷ 5 anos B <sup>(3)</sup>
- ▼ **1º PRIMARIA**
  - ▷ 1º A <sup>(11)</sup>
  - ▷ 1º B <sup>(12)</sup>

## RECUPERAMOS TRADICIONES

### CELEBRACIONES: FESTAS TRADICIONAIS

Por mor da Covid-19 non se puideron organizar tal como estaban previstas.

#### SAMAÍN

- Este ano, tampouco se fixo a tradicional exposición de cabazas naturais decoradas por seguridade sanitaria.
- O alumnado veu vestido das súas casas con disfraces terroríficos.
- Adornáronse as aulas con debuxos e motivos característicos desta festa.
- Creación dun lapbook sobre o Samaín no ciclo de Infantil.
- Realización de diversas actividades relacionadas coa temática da festa: lecturas, sopas de letras, encrucillados, refráns, poemas, trabalinguas, adiviñas...
- Degustación dunha merenda individual, non intercambiable, decorada con esta temática e aportada polas familias.
- A hora das entradas amenizouse con música relacionada co Samaín.
- Publicación na web.

#### [FESTA DO SAMAÍN E MAGOSTO | CEIP Isaac Peral \(xunta.gal\)](https://xunta.gal)





## MAGOSTO

- Este ano non se poido celebrar a degustación de castañas asadas con leite por parte de toda a comunidade escolar.
- Elaboración de murais para decorar as entradas.
- Debuxos de castañas personalizadas para decorar as aulas.
- A hora das entradas amenizouse con música relacionada co outono e co magosto.
- Emprego dos recursos colgados na nosa web: material didáctico, o xogo do zoncho (moi interesante), a historia do magosto...

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/285>

- Publicación na web.

[FESTA DO SAMAÍN E MAGOSTO | CEIP Isaac Peral \(xunta.gal\)](#)



## 25N, DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER

- Esta dinamización, en colaboración coa profesora de música quixo sumarse a esta celebración.
- Realización dun video co lema:

**NON AGOCHAMOS A CABEZA FRONTE A VIOLENCIA DE XÉNERO .**

A canción escollida foi "Matriarcas" da cantante cedeirense, Guadi Galego.

- Publicación na web.

[8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER | CEIP Isaac Peral \(xunta.gal\)](#)

## O NADAL E A FIGURA DO APALPADOR

[O APALPADOR | CEIP Isaac Peral \(xunta.gal\)](#)

- Lecturas de contos sobre a figura do Apalpador na hora de ler.
- Realización de debuxos desta figura.
- O alumnado elaborou diversidade de felicitacións de Nadal con desexos en galego.
- Cada nivel realizou un video con todas as postais para enviar ás familias como felicitación destas festas. Os videos enviáronse a través da Aula virtual e por E-dixgal.
- Aprendizaxe de panxoliñas en lingua galega.



[NADAL 2020 | CEIP Isaac Peral \(xunta.gal\)](#)

## ENTROIDO

- Celebramos o entroido da forma máis atípica e estraña que poidéramos imaxinar, mais iso sí, con gañas de troula.
- Aínda que non se poido realizar o desfile e o baile de disfraces, o colexio encheuse de princesas, de vampiros, de demos, de fadas, de superheroes...todo un despegue de imaxinación.
- O profesorado tamén se disfrazouse de FADA, así recibiu ao seu alumnado e por uns intres facer esquecer da situación actual.
- Degustación de xeito individual, de sobremesas típicas aportadas polo alumnado.
- Emprego dos recursos colgados na nosa web para traballar esta festa.
- A hora das entradas amenizouse con música popular galega.
- Publicación na web.

[ENTROIDO | CEIP Isaac Peral \(xunta.gal\)](http://xunta.gal)

Murais feitos polo alumnado



## O PROFESORADO DE FADAS



## MAIOS

- Tampouco se puideron celebrar como en anos anteriores coa elaboración das estruturas e coa xuntanza na festa da Praza de España.
- Pero non quixemos esquecernos desta festa tan florida e fermosa e, así, o alumnado engalanou o colexio aportando distintas flores que se colocaron en xarróns, nas ventás e nas soleiras, nos tableiros...
- Nas aulas tamén se fixeron debuxos e manualidades de flores.
- Publicación na web.

[OS MAIOS | CEIP Isaac Peral \(xunta.gal\)](https://xunta.gal)



## CELEBRACIÓNS E CONMEMORACIÓNS

### DÍA DE ROSALÍA

- Día de Rosalía de Castro é unha celebración fixada para o 24 de febreiro de cada ano.
- Neste curso tan diferente, a escritora máis relevante da nosa lingua tamén estivo presente nas nosas actividades, para iso traballamos cos recursos presentes na nosa web.

[DÍA DE ROSALÍA | CEIP Isaac Peral \(xunta.gal\)](http://xunta.gal)



- Ademais realizáronse unha serie de actividades arredor da figura de Rosalía: Lecturas, reprodución e recitado de poemas de Rosalía de Castro, autorretratos, marcapáxinas e interpretación dos poemas a través de debuxos.
- Música a través de megafonía, de cancións galegas relacionadas coa poesía de Rosalía.
- Publicación na web.

[ROSALÍA DE CASTRO | CEIP Isaac Peral \(xunta.gal\)](http://xunta.gal)



## DÍA DO LIBRO

- Celebramos o Día do Libro acompañados polo último libro do padriño da nosa biblioteca, Antón Cortizas. Con “Adiviña esta adiviña” o alumnado gozou cunha lectura moi divertida.
- Realizáronse uns marcapáxinas mediante a técnica de papiroflexia, tamén chamados “monstros comecontos”. Mediante esta actividade desenvolveron a súa creatividade, xa que cada alumno elixiu as características do seu particular monstro e escribiu un lema, en galego, na parte traseira do marcapáxinas para fomentar a lectura.
- Algúns exemplos dos numerosos lemas resultantes son estos: *se queres saber ponte a leer; ler é soñar cos ollos abertos; cada libro é un mundo enteiro; o papel hai que aproveitalo lendo; a lectura fai ao home completo; a lectura ábrenos as portas do mundo; para ser un bo lector convértete nun rato de biblioteca; un menor que lee será un adulto que pensa; mentras máis leas máis cousas sabrás, mentras máis sepas máis lonxe chegarás; se queres aventura, sumérxete na lectura; leer é imaxinar un mundo que só ti podes ver.*



- Unha segunda actividade, estivo relacionada co libro de Antón Cortizas “Adiviña esta adiviña”; o resultado foron dous tipos de produtos distintos. Por un lado, unha selección de adiviñas escritas e ilustradas polos diferentes rapaces e rapazas, e por outro, diversos vídeos de estas adiviñas recitadas con ilusión polos nosos alumnos.
- Publicación na web.

[Día do libro 2021 | CEIP Isaac Peral \(xunta.gal\)](https://xunta.gal)

## LETRAS GALEGAS

- O día das Letras Galegas é un día de exaltación da lingua de Galicia a través da súa manifestación literaria. Nós tamén nos sumamos a esta celebración.
- Nas aulas traballouse a figura de Xela Arias, escritora homenaxeada este ano.
- Elaborouse unha páxina cunha variedade de actividades interactivas, en formato genially, sobre a polifacética e curta vida da autora de Sarria, que o alumnado visitou e traballou nas aulas.

### [XELA ARIAS | CEIP Isaac Peral \(xunta.gal\)](https://xunta.gal)

- Por outra banda, a profunda necesidade de incentivar e darlle a nosa Lingua Galega o protagonismo que se merece, baixo o lema “NON CONFINES O GALEGO”.
- Con respecto á potenciación e defensa do uso da nosa Lingua, os nenos e nenas, escribiron palabras e frases incentivadas do idioma galego en cartolinas de cores. Estas palabras e frases partiron do lema central, “Non confines o galego”, imaxinando que estaban agochadas nunhas caixas de lixo e de elementos contaminantes, relacionando así esta actividade co proxecto da nosa biblioteca: “Peraliño e o medio natural”. Estas verbas decoraban esas “caixas da natureza” coa finalidade de estimular a todos os galegos e galegas a falar a nosa lingua e que non quede tirada e confinada coma se fose lixo.
- Agasallouse a toda comunidade educativa cun bolígrafo serigrafiado co lema “NON CONFINES O GALEGO” e que ademáis contaba cun recipiente para xel hidroalcolico, moi apropiado para a hixiene das mans nesta situación de contaxio que estamos a sufrir.
- Publicación na web.





**BOLÍGRAFO CO LEMA: NON CONFINES O GALEGO**





## CERTAME DE POESÍA E IMAXE : EN GALEGO, SEN FILTRO

- Participamos no XXI Certame de Poesía e Imaxe, Certame proposto pola Coordinadora de Equipas de Normalización lingüística do Concello de Ferrol.
- Realizando varios traballos que ilustran con imaxinación e creatividade, poemas de diferentes temáticas en distintas linguas.
- As composicións que resultaron seleccionadas para enviar ao certame foron de alumnos de 5º e de 6º de primaria.



## SAÍDAS EN PROL DA LINGUA

Este curso non foi posible a asistencia a espectáculos teatrais.

O alumnado de todo o centro visionou en streaming a obra “As pitas baixo a choiva” representado polos Ghazafellos no Jofre.



## CORRELINGUA

Participamos no Correlingua en streaming. Deste xeito disfrutamos desde as aulas da festa na que actuaba “ Cé Orquestra Pantasma” e “A Gramola Gominola”.


O lema deste ano do Correlingua é: **Inmunízate co Galego!** Tamén haberá Festas e celebraranse por todo o país entre o 18 de outubro e o 30 de novembro, cun formato semellante ao desta pasada edición. Volverase a emitir en directo os concertos para que o alumnado poida gozar deles na propia aula.

En setembro teremos o calendario destas festas e os artistas que participarán nelas, así como das actividades programadas e, para entón, inscribiremos ao centro para participar.



## A REVISTA MAREIRIÑA

Continuamos como en anos anteriores coa elaboración do noso xornal escolar Mareiriña. Estas son as portadas e contraportadas seleccionadas, foron realizadas por alumnos de 5º de Primaria.



## ELABORACIÓN DO PROXECTO DE FOMENTO DO USO DA LINGUA GALEGA

Coa finalidade de obter unha asignación económica e poder seguir levando a fin as actividades desta dinamización, así como que serva de base para a normalización do noso idioma por parte da comunidade educativa.

Neste curso continuamos co desenvolvemento do proxecto anterior coas súas correspondentes modificacións presentadas nas addendas ao mesmo.

## **PROPOSTAS DE MELLORA**

- Seguir ampliando o fomento da nosa lingua por parte do toda a comunidade educativa.
- Nas reunións oficiais (claustrros, consellos escolares, reunións coas familias...) adoptar o galego por parte da totalidade do profesorado e os pais/nais asistentes ao consello.
- Nas conmemoracións e celebracións utilizar o galego como lingua vehicular.
- Proposta de máis actividades que fomenten a lectura e escritura en galego.
- Implicación de todo o colexio nas actividades propostas por esta dinamización.
- Ampliación de xogos, xoguetes e brinquedos para seguir estendendo o xogo tradicional no tempo de recreo, en substitución de outros máis “populares”.
- Remitíndonos as verbas do escritor Antón Cortizas: “ Que no recreo todo o alumnado tente falar en galego”.
- Tamén sería convinte que á hora de comunicarse co alumnado, o profesorado empregase a nosa lingua. Esta acción sería moi dinamizadora.
- Necesidade de maior formación do profesorado para a utilización e publicación de contidos do EDLG na nosa web.